



EXPERIENCIAS

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 44-47

A educación emocional como resposta educativa nas aulas hospitalarias¹

Laura García Docampo

Mestra e psicopedagoga

lgarciadocampo@gmail.com

M. Adelina Guisande

Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación.

Universidade de Santiago de Compostela.

mariaadelina.guisande@usc.es

¹ Texto adaptado do "Traballo de Final do Grao en mestre/a de Educación Infantil" na Universidade de Santiago de Compostela, dirixido por María Adelina Guisande Couñago e recollido no depósito Minerva da USC: García Docampo, L. (autora) e Guisande Couñago, M. A. (directora). (2015). *O alumnado de Educación Infantil nas aulas hospitalarias: A educación emocional como resposta educativa*. Facultade de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela. Recollido en: <http://hdl.handle.net/10347/14548>

Na actualidade, cada vez son máis os profesionais que defenden o principio de individualización como eixe vertebrador da educación infantil. A idea de inclusión deu lugar a colectivos cada vez máis dispersos e con características claramente diferenciadas, sendo as escolas hospitalarias un dos exemplos máis destacables en canto á diversidade.

Non só as metodoloxías flexibles, actividades variadas e peculiaridades dispareas constitúen a marca de identidade destas aulas, senón que este espazo de ensino-aprendizaxe é moito máis complexo. Baseándose nunha metáfora, Facio, Fernández e Porta (2010) sinalan que se trata dun oasis durante a estada hospitalaria para nenos e nenas de diferentes idades e características, que lles permite, por un tempo, evadirse da realidade do hospital, converténdose este espazo nun lugar fundamental nesa etapa da súa vida.

Con idea de conseguir crear unha verdadeira inclusión deste tipo de educación xorde a necesidade de propoñer alternativas de innovación que axuden a ir máis alá dos aspectos historicamente considerados "importantes". Este é o caso da presenza de certas propostas, como a educación emocional, que sendo beneficiosa en todas as escolas, aínda o é máis nun contexto hospitalario.

Tras a experiencia adquirida logo de tres anos como voluntaria dunha destas aulas, podo considerar que a intervención emocional convértese nunha forma imprescindible de traballo nestes espazos, porque contribúe de forma positiva ao desenvolvemento global dos discentes e porque é indispensable conseguir primeiro un clima de benestar para poder ensinar despois, xa que independentemente da situación que están a vivir, antes que convalecentes, son nenos/as dispostos a experimentar, descubrir e aprender.

UNHA ESCOLA DIFERENTE. AS AULAS HOSPITALARIAS

As aulas hospitalarias son espazos educativos moi específicos situados nos hospitais e que pretenden proporcionar atención educativa a diferentes nenos e nenas que permanecen hospitalizados por motivos e duración moi variable. Como sinala Blas (2014), non é de estrañar que unha parte da poboación descoñeza este servizo, debido á falta de investigacións e a súa escasa visibilidade, pero a escola do hospital debe de verse máis alá dunha simple unidade apartada. Debemos considerar este espazo como unha forma inclusiva de educación, onde se atenda todo o alumnado, axudándolle a continuar co sistema educativo ordinario que lle corresponde pola súa idade e características.

Nun primeiro momento, estas escolas foron creadas para atender a demanda social e a nenos/as con doenzas moi específicas, centrándose principalmente na distracción do alumnado, máis que nun verdadeiro seguimento escolar (Fernández, Cáceres e Aznar, 2006). Con todo, tal e como sinala Teijeiro (2010), progresivamente foi aparecendo unha intención resolutiva dos problemas de escolaridade dos discentes, así como un propósito por paliar as dificultades que se producían con motivo da hospitalización, tales como a socialización ou a autoestima, entre outros, previndo o "hospitalismo" e contribuíndo á súa estabilidade emocional.

UN ALUMNADO DIVERSO

Unha das principais características destes espazos non é só a variedade de alumnado, senón que a isto se lle suma a existencia de características concretas, que varían en función de diferentes factores que cómpre considerar, se o que se pretende é axudar ao completo desenvolvemento dos nenos e nenas do hospital. Débese ter moi en conta que, a pesar de que os

discentes que nos atopamos están enfermos/as, isto non debe supoñer unha privatización de todos os posibles desafíos educativos aos que se poidan enfrontar (S.A.M. Caballero, 2007).

Urmeneta (2010) destaca a necesidade de intentar que, a pesar da enfermidade, o neno desenvolva ao máximo as súas potencialidades nos aspectos cognitivos, nas súas habilidades, afectividade e sociabilidade, intentando que as demandas escolares sexan o máis habituais posibles. Este proceso debe ser innovador, centrado no neno e implicar unha participación activa, cooperativa e integradora de todos os servizos comunitarios, favorecendo o seu desenvolvemento académico e social (Grau e Ortiz, 2001). A maiores, débese transmitir a este colectivo unha actitude positiva e de satisfacción persoal polo esforzo realizado, é aquí onde a educación emocional toma un papel moi importante dentro do proceso.

A EDUCACIÓN EMOCIONAL COMO FERRAMENTA EDUCATIVA NAS AULAS HOSPITALARIAS

Diferentes investigacións mostran como as nenas e os nenos hospitalizados sofren diversos trastornos emocionais ao longo dese período, atribuíndo estes cambios principalmente á separación da familia e á gran cantidade de procedementos, rutinas e persoas que non lle son familiares (González e González, 1994, citado por Grau e Ortiz, 2001).

Como indican Cárdenas e López (2005), cando se produce unha hospitalización infantil vense afectados tres ámbitos: alteracións comportamentais, cognitivas e emocionais. Sendo estas últimas un aspecto importante que cómpre ter en consideración.

Unha das principais características deste alumnado é o feito de sentirse ansiosos e mesmo tris-

tes, preocupados ante o seu futuro ou unha posible recaída. Isto moitas veces vese traducido en pranto, condutas antisociais, agresividade ou depresión, xerando nos nenos e nas nenas unha serie de efectos emocionais que será necesario tratar para crear un mellor estado do benestar que permita levar a cabo un bo proceso de aprendizaxe (Lizasoáin, 2000).

Outro dos aspectos que aparecen como consecuencia da hospitalización é o que recollen os estudos de Palomo (1995) e Ochoa e Lizasoáin (2003) ao facer referencia ao estrés infantil. Este aparece como resultado, entre outros factores, da ansiedade producida polo medo á nova situación e á separación de todo o seu contorno familiar. A isto, engade Álvarez (2003) que o estrés se ve aumentado ao producirse unha interrupción das funcións cotiás e das rutinas, resultando isto estresante a nivel cultural (aceptación de novas normas), social (establecemento de moitas novas relacións sociais), psicolóxico (estados emocionais anómalos) e físico (as percepcións físicas do hospital xeran emocións negativas).

Para paliar estas problemáticas emocionais, considérase necesaria o que Grau e Ortiz (2001) denominan como acción educativa simpatética. Este tipo de actuación ten en conta a repercusión psicosomática (acción da psique sobre o corpo humano e viceversa) que se produce con motivo dunha afección. Esta implicará que se produza unha reeducación corporal (actuando sobre o corpo considerando que as emocións e os estados mentais se reflicten sobre el) e unha reeducación emocional (pretendendo acadar unha desintoxicación emocional, eliminando as emocións negativas e tóxicas).

Atopámonos desta maneira como, dentro da acción educativa simpatética, a educación emocional adopta un eixe principal de actuación nestas aulas e, por tanto, débese traballar sobre isto.


Centrándonos na idea de educación emocional en si e tomando como base fundamental de argumentación teórica o Informe Delors (Unesco, 1996, citado por Caballero, 2007), destaca o feito de que a educación emocional é vista como complemento fundamental do desenvolvemento

cognitivo, que persegue axudarlles ás persoas a descubrir, coñecer e regular as emocións, incorporándoas como competencias.

Ademais, recolle Vallés (2006) como a maior parte do desenvolvemento emocional se produce dende o nacemento ata a puberdade, motivo dobremente importante polo que se debe tratar este tema co colectivo do que se está a falar. Por un lado, atópanse nun período evolutivo no que esta educación emocional se concibe como imprescindible; por outro, a situación concreta na que se encontra fai que sexan un grupo moi vulnerable e co que se debe traballar.

EXEMPLOS DE PROPOSTAS PRÁCTICAS PARA A INTERVENCIÓN EMOCIONAL CO ALUMNADO DO ÁMBITO HOSPITALARIO

Tal e como se foi recollendo, atopámonos nestas aulas con peculiaridades moi concretas, xa que non só se trata dun contexto moi específico, senón que, a esa característica se lle suma un gran conxunto de limitacións e problemáticas que dificultan o óptimo desenvolvemento do



alumnado. A isto hai que engadir que o ámbito emocional é un dos máis prexudicados e no que se fai necesaria unha intervención para poder paliar todas as consecuencias negativas que disto deriven.

Aínda que no traballo orixinal se recollen diferentes propostas prácticas sobre isto, por falta de tempo só foi posible levar á práctica dúas desas actividades, neste caso, centradas no alumnado de educación infantil. Para iso, a mediados do mes de xuño de 2015 levouse á aula "Camilo José Cela", do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, unha actividade que pretendía, en primeiro lugar, que se escribise, ou no caso dos suxeitos participantes debido á curta idade, debuxáse, como crían que se sentirían mellor e que cousas modificarían da aula.

Con esta actividade, baseada nunha idea de GROPE e LÓPEZ (2006), buscábase traballar aspectos de conformidade/desconformidade, aprender a buscar alternativas de mellora, e traballar cooperativamente en busca dun ben común, entre outros. As respostas máis destacables foron o desexo, por parte dunha nena de 3 anos, da presenza dun boneco que lle gustaba para podelo abrazar cando tivese medo, e outra cativa, de 5 anos, propuxo que houberse debuxos dunha película de animación, que acababa de ver recentemente, porque así a aula sería "máis divertida e apetecería máis ir á escola".

A segunda parte disto consistiría en conseguir tentar cumprir as solicitudes dos cativos/as, para así axudarlles a que se sentisen máis comodamente e, por consecuencia, isto derivábase nun mellor proceso de ensino-aprendizaxe. O mesmo se pretendería acadar coas demais actividades recollidas no traballo orixinal, tendo sempre como meta a busca do desenvolvemento global e o benestar do

alumnado porque, como ben indica Bisquerra (2000), "a educación debe orientarse ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado. Isto implica que o desenvolvemento cognitivo debe complementarse co desenvolvemento emocional (p. 13)".

CONCLUSIÓNS

Nestas poucas liñas non é doado poder demostrar a importancia da educación emocional como ferramenta indispensable na educación, especialmente nos contextos hospitalarios. Son moitas as posibilidades pedagóxicas que achega este tipo de educación innovadora.

Tal e como se foi explicando, son varios os seus aspectos positivos e nun contexto tan complexo como son as aulas hospitalarias, a necesidade de empregar esta educación

emocional supón algo fundamental para os nenos e as nenas, que involuntariamente deben permanecer nun espazo e nunhas circunstancias que dificultan o seu pleno desenvolvemento. Por esta razón, debe de ser tarefa primordial do profesorado destes contextos educativos, traballar primeiramente a base emocional para poder experimentar despois unha boa evolución intelectual e social. Así mesmo, estamos ante unha temática fundamental de estudo, na que polo ben dun elevado número de nenos e nenas, se debe seguir investigando e progresando, co fin de ofertar a toda a poboación infantil as mesmas oportunidades educativas, contribuíndo ao seu óptimo desenvolvemento global, independentemente das circunstancias ás que se teñan que estar enfrontando. ■

REFERENCIAS

- ÁLVAREZ, J. M. (coord.) (2003). *Educador hospitalario*. Vigo: Gráficas Matamá.
- BISQUERRA, R. (2000). *Educación emocional y bienestar*. Barcelona: Editorial Praxis.
- BLAS, J. (2014). *Las aulas hospitalarias. Educar y sanar*. Recuperado de: <http://acogidayel2.blogspot.com.es/2014/11/las-aulas-hospitalarias-educar-para.html> [Consultado 07/05/2015]
- CABALLERO, A. (2007). *La Educación Emocional, un beneficio para la escuela, la persona y la sociedad*. Recuperado de: <http://www.educaweb.com/noticia/2007/11/05/educacion-emocional-beneficio-escuela-persona-sociedad-12615.html> [Consultado o: 20/05/2015]
- CABALLERO, S. A. M. (2007). El aula hospitalaria un camino a la educación inclusiva. *Investigación educativa*, 11 (19), 153-161. Recuperado de: http://sisbib.unmsm.edu.pe/bibvirtualdata/publicaciones/inv_educativa/2007_n19/a12.pdf [Consultado o: 16/03/2015]
- CÁRDENAS, R. e LÓPEZ, F. (2005). Hacia la construcción de un modelo social de la Pedagogía Hospitalaria. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, (12-13) 59-70. Recuperado de <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=135016217004> [Consultado o: 24/03/2015]
- FACIO, A., FERNÁNDEZ, R. e PORTA, P. (2010). Un oasis na estancia hospitalaria. *Revista Galega de Educación*, 46, 34 - 38.

- FERNÁNDEZ, S. CÁCERES, M. P. e AZNAR, I. (2006). Principales características y ámbitos de actuación educativa. *Revista de Ciencias de la Educación*, 206, 227-246. Recuperado de: http://www.icceciberaula.es/images/stories/Ciencias/206_6.pdf [Consultado o :08/02/2015]
- GRAU, C. e ORTIZ, C. (2001). *La Pedagogía hospitalaria en el marco de una educación inclusiva*. Archidona (Málaga): Aljibe, D.L.
- GROPE e LÓPEZ, E. (2006). *Educar las emociones en la infancia: reflexión y propuestas prácticas*. Las Rozas (Madrid): Wolters Kluwer.
- LIZASOÁIN, O. (2000). *Educando al niño enfermo. Perspectivas de la pedagogía hospitalaria*. Pamplona: Eunate.
- OCHOA, B. e LIZASOÁIN, O. (2003). *Intervención psicopedagógica en el desajuste del niño enfermo crónico hospitalizado*. Pamplona: Eunsa, D.L.
- PALOMO, M. P. (1995). *El niño hospitalizado. Características, evaluación y tratamiento*. Madrid: Ediciones Pirámide, S. A.
- TEJEIRO, Y. (2010). De que falamos cando falamos de aulas hospitalarias? *Revista Galega de Educación*, 46, 10 - 13.
- URMENTA, M. (2010). *Alumnado con problemas de salud*. Barcelona: Editorial GRAÓ.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A. (2006). *Disruptividad y educación emocional*. [Consultado en www.google.es o 24/06/2015]